



Centro de Maiores

* Venres 6 de novembro: MAGOSTO no Centro Social de Maiores

Ás 12:00 castañas asadas e refrescos para todos os maiores. Imos adiantando que o vindeiro 18 de decembro celebrárase a comida-baile de Nadal do Centro Social de Maiores. No próximo boletín informaremos do prezo e lugar de celebración.

Actividades

* Sábado 14 de novembro: MAGOSTO POPULAR e SERÁN DE OUTONO

O sábado 14 de novembro na Telleira de Boimil contaremos cunha nova xuntanza para celebrar o magosto a partir das 20:30 horas.

Haberá churrasco e castañas por un prezo de 6 € por persoa, a bebida como ata o de agora será a parte. Os menores de 12 anos non terán que pagar.

Para asistir debedes anotarvos no Concello ou no centro de maiores antes do 9 de novembro.

Despois FOLIADA...

* Sábado 21 de novembro: Outono Cultural- Teatro: Pizpireta e Rigolina

Dúas clowns ás que lles gusta xogar e queren mostrarlle o público de Boimorto as súas habilidades, maxia, malabares e historias. Na Casa da Cultura de Boimorto ás 5 da tarde.

* Cantares de Reis

Un ano máis imos contar coa celebración dos Cantares de Reis. Animamos ás cuadrillas a que se vaian preparando. No próximo boletín daremos información detallada desta nova edición de Cantares de Reis.

Outros avisos

* Domingo 15 de novembro: Obradoiro de Gaita "O TOQUE PECHADO" con Pablo Seoane

A Asociación Folklórica Santiaguíños de Boimorto organiza:

Curso de "O Toque Pechado" por Pablo Seoane.

Este curso realizarase o domingo 15 de novembro en horario de 10 a 14 horas e de 16:30 a 20 horas. Prazas limitadas por orde de inscrición. O prezo por participante será de 20 €.

PROGRAMA:

- Iniciación á técnica. - Iniciación ao repertorio. - Técnicas de perfeccionamento.
- Repertorio adaptado ao perfeccionamento. -Repertorio da Fonsagrada, Terra de Melide e Campolameiro (Pontevedra). -Iniciación á gaita asturiana.

Para anotarse chamar ó 654203169, ou ben, en santiaguinhosboimorto@gmail.com.

Emprego

* FORO COLABORATIVO POLO EMPREGO 2015

Os días 5 e 6 de novembro, no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela, celébrase o Foro Colaborativo polo Emprego (FOCO 2015), que integra un amplo programa de actividades, entre as que podemos sinalar:

- **Xestión de ofertas de emprego.**
- **Encontros con empresas para a súa selección.**
- **Envío de currículos en formato dixital a ofertas e portais de emprego.**
- **Mesas participativas** estruturadas en tres grandes áreas: empregabilidade: empresa e economía social; e cidadanía e desenvolvemento.
- **Actividades formativas.**
- **Presentacións e stands de empresas.**



SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO

Deportes

* **IX Carreira e Canicross "Concello de Boimorto"**: o pasado 26 de setembro celebrouse unha nova edición da carreira pedestre e o canicross. A carreira absoluta masculina gañouna por segundo ano consecutivo Carlos Villamor (150€ de premio), segundo foi Robertas Geralavicius (100€) e terceiro Ángel Maceiras (50€). No apartado feminino a vitoria foi para Paula Mayobre (150€), segunda María Jesús Gestido (100€) e terceira Raquel Suárez (50€). Na participación local, os tres primeiros postos en homes foron para Luis Alfonso Novo Veiga (50€ de premio), no segundo lugar quedou Diego Vázquez García e de terceiro José Luis Fernández Carbajales. En mulleres gañou como local Dolores García Sánchez (50€ de premio), segunda foi Ana Belén Fernández López e terceira Iria Vázquez Rodríguez. Nesta ocasión foi o primeiro ano en que se cubriron as tres prazas locais femininas.

Por equipos, o primeiro posto foi para o ATENAS RUNNING VDA (150€ de premio), segundo o SAR-VERMÚ PETRONI (100€) e terceiro o NOITEBRA F.C. (50€). O equipo local CLUBE ATLETISMO BOIMORTO terminou na cuarta posición.

Nas categorías escolares houbo moita representación local, acadando ademais moi bos resultados os nosos pequenos atletas. En Prebenxamín feminino Andrea Palmero Vázquez e Noela Barreiro Aguión conseguiron a segunda e terceira posición respectivamente. En Alevín feminino Sabela Lois Quintela alzaríase coa segunda posición, mentres que Diego Botana Aguión acadaría o terceiro lugar en masculino. Na categoría Infantil masculino a vitoria foi para Joel Palmero Vázquez. Na Cadete feminino Eva Pardo Felpete e Ariana Sánchez Rey lograron a segunda e terceira posición respectivamente. En masculino estas posicións serían acadadas por Diego Rodríguez Ares e Nicolas Carbajales Fernández.

* **PROGRAMA TERMAL NO HOTEL BALNEARIO DE BRIÓN**: durante o mes de novembro asistírase os mércores días 4 e 11 a este balneario. O horario de saída do autocar é ás 15:00 h do Centro de Maiores, regresando ás 19:15 h. Os interesados deberán apuntarse previamente chamando ás oficinas do concello no número 981 51 60 20. As prazas para cada día están limitadas a 25. A actividade é totalmente gratuíta.

* **HORARIO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES E XIMNASIA DE MANTENIMENTO**: Estas actividades comezaron o día 5 de outubro.

No caso das Extraescolares a oferta e horarios son:

- Bádminton: luns e venres de 15:45 a 16:55, escolares dende 1º de primaria ata 4º da ESO.
- Fútbol Sala: luns e xoves de 16:55 a 17:55, escolares dende 1º de primaria ata 4º da ESO.
- Patinaxe: os martes de 15:45 a 16:45 para os escolares de 4º, 5º e 6º de primaria e de 1º a 4º da ESO. Os xoves de 15:45 a 16:45 para os escolares de 1º, 2º e 3º de primaria.
- Multideporte: os martes de 16:55 a 17:55 para os escolares de 1º a 6º de primaria.
- Xogos Psicomotores: martes e venres de 14:00 a 14:45 escolares de Educación Infantil.

No caso da Ximnasia de Mantemento polas parroquias os grupos e horarios son:

- Local Social de Brates: luns e xoves de 18:15 a 19:00 h.
- Local Social de Os Ánxeles: luns e mércores de 19:15 a 20:00 h.
- Local Social de Rodieiros: luns e mércores de 20:15 a 21:00 h.
- Local Social de Arceo: os martes e xoves de 19:15 a 20:00 h.
- Pavillón de Boimorto: martes e xoves de 20:15 a 21:00 h.

Para participar nas actividades é necesario inscribirse e ter o Carnet de Socio Deportivo.

* **CLASES DE IOGA BASADO NO SISTEMAS DE ENERXÍA**: os mércores en horario de 20:30 a 21:30 horas no Local de ensaio dos Santiguiños estase a celebrar este tipo de actividade física. Aquelas persoas interesadas en participar por primeira vez deberán poñerse en contacto co técnico deportivo municipal.